

INAHTA

A *International Network of Agencies for Health Technology Assessment* ([INAHTA](#)) é unha rede internacional de axencias de avaliación de tecnoloxías sanitarias públicas de 30 países. O seu fin é apoiar o intercambio de coñecementos e de información. As recomendacións destas axencias axudan á toma de decisións en sistemas de saúde que cubren máis de 1 billón de personas.

Obxetivos de INAHTA

- Levar o liderado e a experiencia dos organismos de ETS para influir na ciencia e na práctica da comunidade sanitaria internacional.
- Amosar o valor das axencias de ETS como componentes clave dos sistemas de saúde modernos para apoiar a toma de decisións baseadas na evidencia.
- Apoiar as mellores prácticas e a innovación para construír e manter o crecemento das axencias de ETS.
- Construír comunidades de práctica para permitir o intercambio continuo de coñecemento e o aprendizaxe entre os integrantes da rede.

Dentro de INATHTA, Avalia-t coordina o [Glosario de Evaluación de Tecnologías Sanitarias](#) en español, consensuado con representantes das Axencias de Evaluación de Tecnologías Sanitarias de Iberoamérica e España.

Asemade, avalia-t colaborou na revisión e validación da nova base de datos de informes de avaliación de tecnoloxías sanitarias que ven a encher o espazo deixado pola Base de datos do CRD (*University of York*) que deixou de funcionar en marzo do 2019.